

Fidalgos de caste

Santiago Prol reconstrúe a estirpe dos nobres vencellados ao Castelo de Maceda como Pedro Nolasco, que chegou a ser gobernador de Madrid e vivía no Paseo do Prado

V. OLIVEIRA . SANTIAGO

O Castelo ourensán de Maceda -fundado no século XI- deu á luz unha estirpe de nobres convertidos en acaudalados terratenentes, que durante séculos, mercaron pazos, fortalezas, soares e mesmo chegaron a posuír as illas de Sálvora, Ons e Onza. A historia pormenorizada dos seus descendentes máis egrexios até hoxe recóllea o mestre e investigador Santiago Prol no volume *Nobres vencellados ao Castelo de Maceda* que presenta mañá no mesmo monumento ás 20:00 horas.

"O Castelo de Maceda contribuíu a que parte do territorio galego estea onde está hoxe xa que, nun principio, naceu como unha torre, un bastión que protexía o bispado de Ourense das embestidas dos veciños do sur. Os nobres desta estirpe eran grandes magnates que tiñan patrimonios importantes e casaban por conveniencia. No século XIV era unha familia nobiliaria moi importante pero nos últimos séculos, o mesmo apelido Nóvoa xa se difuminou", explica o autor.



Santiago Prol é mestre e investigador e dende hai anos vive en Santiago
FOTO: Axencias

De feito, a obra toma como punto de partida a primeira propietaria do bastión de Maceda, María Fernández -filla do conde de Traba- que casou co nobre de Ribadavia, Xoán Arias de Nóvoa, apelido que marcaría toda a súa posterior árbore xeneolóxica.

A obra, que tira do prelo a editorial ourensá Difusora, sempre estivo na cabeza de Santiago Prol, orixinario de Maceda aínda que vive en Santiago. "De cativo, todos os nenos xogabamos ao redor do castelo, era unha icona", lembra o autor que sabía que un traballo como este non o podía facer sen ter máis bagaxe. De feito, un dos capítulos da obra, que aborda a conexión de Afonso X o Sabio coa Terra de Maceda, xa o tiña rematado dende había doce anos. "Para min é un capítulo redondo porque vén encher unha eiva histórica sobre a relación de Afonso X con Maceda, onde viviu na súa infancia durante case un ano e, segundo os investigadores, foi aquí onde aprendeu o galego que logo empregaría nas cantigas da lírica galego-portuguesa", sinala.

Porén, ao ver de Prol, "o galego puido aprendelo aquí ou na corte de Toledo porque daquela era o idioma das elites. Pero a súa propia vivencia impulsou que empregase o galego non só nas cantigas", apunta.

O investigador adica outro capítulo a João da Nova, "o galego máis relavante do século XVI", unha figura sobre a que indagou nun ensaio publicado en 2002. Trátase dun mariño galego ao servizo da coroa de Portugal que foi un gran descubridor. "Para min é un persoeiro fundamental que foi ninguneado por ser galego en Portugal. Neste texto inclúo un dos descubrimentos do mariño, a illa de Trindade que no meu anterior libro non aparecía".

Entre os descendentes vencellados ao Castelo, Prol fala dunha condessa de Maceda que está soterrada no Panteón dos Galegos Ilustres "coa carga simbólica que iso ten" e dá conta da "obsesión" de Joseph Benito de Lanzós e Nóvoa e a súa dona, condessa de Taboada, por descansar a eternidade no santuario da Virxe da Barca.

No século XVIII incluso houbo un dos nobres, Antonio Pedro Nolasco, que chegou a ser gobernador de Madrid. En pleno Paseo do Prado, Nolasco vivía no luxoso Palacio de Maceda, que hoxe xa non existe xa que en parte daqueles terreos asenta o Museo Thyssen. Prol chega até os nosos días cos últimos descendentes dos nobres de Maceda: Baltasar Losada e Torres que foi o primeiro presidente do consello de administración de Pirelli-España e Lucía Pan de Soraluce, Casani e Losada, que conserva o título de décimo sexta condessa de Maceda, aínda que o castelo hoxe en día, tras un breve período como hotel monumento, pertence a este concello ourensán.

NA TORRE DA HOMENAXE

Presentación mañá no castelo

A Torre da Homenaxe do Castelo de Maceda, hoxe propiedade deste concello ourensán, acolle mañá a partir das oito da tarde a presentación do libro de Santiago Prol, *Nobres vencellados ao Castelo de Maceda*. Xunto ao autor da obra, tamén intervirán no acto o alcalde de Maceda Xabier Oviedo, o editor Xavier Paz, o delegado provincial de Cultura, Antonio Blanco, o escritor Ramón Caride e o director xeral de Acción Social, Bieiro Seara.